



## RECOLLIDA DE SINATURAS PARA SOLICITAR A IMPLANTACIÓN DUNHA LIÑA DE BUS ENTRE O BARRIO DE NOVO MESOIRO E O BARRIO DOS CASTROS QUE PERCORRA O CAMPUS UNIVERSITARIO DE ELVIÑA, MATOGRANDE E AS ZONAS SANITARIAS CHUAC E MATERNO E PARA A AMPLIACIÓN EN DÚAS PARADAS DA LIÑA HOXE EN DÍA EXISTENTE DA UdC PARA QUE ATENDA O BARRIO DE NOVO MESOIRO

A carencia de servizos no barrio de Novo Mesoiro non é unha denuncia que xa sorprenda a ninguén. Veciñas e veciños levamos anos solicitando dotármonos de servizos sanitarios, educativos, culturais, implantación de infraestruturas etc.

Unha das reclamacións recorrentes é dotar ao barrio dun servizo de transporte público colectivo áxil, rápido e funcional. Seguimos a ser (xunto con Mesoiro, Feáns e Urb. Breogán) a única zona da Coruña que non está conectada de xeito peonil coa cidade, polo que o uso de vehículos se fai necesaria se queremos facer vida normal: ir traballar, ir estudar, ir os centros sanitarios de referencia, ir facer compras, ou mesmo para saír do barrio porque nos apetece.

A actual liña do bus, a liña 21, cubre, apenas, as necesidades reais do barrio, conectándonos co centro, e tendo que ser reforzada puntualmente a primeira hora da mañá. Mais é **INSUFICIENTE**.

Por que? Porque os nosos fillos queren ir estudar á Universidade. Porque no Centro de Saúde de Matogrande nos atenden polas tardes mentres o de Novo Mesoiro pecha. Porque hai moitas persoas da zona que necesitan ir o CHUAC e o Teresa Herrera. Porque queremos ir a algún centro comercial a mercar. E porque non todo nesta vida é ir o centro da Coruña, que tamén.

É por iso que iniciamos esta campaña de recollida de sinaturas. E é por iso que as persoas abaixo asinantes reclamamos a implantación dunha liña de bus entre o barrio de Novo Mesoiro e o barrio dos Castros que percorra o campus universitario de Elviña, Matogrande e as zonas sanitarias CHUAC e Materno e para a ampliación en dúas paradas da liña hoxe en día existente da UdC para que atenda o barrio de Novo Mesoiro.

	NOME E APELIDOS	D.I.	Sinatura
1			
2			
3			
4			
5			
6			



RECOLLIDA DE SINATURAS PARA SOLICITAR A IMPLANTACIÓN DUNHA LIÑA DE BUS ENTRE O BARRIO DE NOVO MESOIRO E O BARRIO DOS CASTROS QUE PERCORRA O CAMPUS UNIVERSITARIO DE ELVIÑA, MATOGRANDE E AS ZONAS SANITARIAS CHUAC E MATERNO E PARA A AMPLIACIÓN EN DÚAS PARADAS DA LIÑA HOXE EN DÍA EXISTENTE DA UDC PARA QUE ATENDA O BARRIO DE NOVO MESOIRO

	NOME E APELIDOS	D.I.	Sinatura
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			